

TIPOLOXÍA TEXTUAL

1. INTRODUCCIÓN

O ser humano desenvolveu a escritura a medida que ía elaborando sociedades máis complexas e con novas necesidades (administrativas, económicas, de lecer...) que sobrepasaban o ámbito oral. Xa na arte prehistórica se poden intuír os alicerces dos sistemas de representación gráfica, mais, a escritura como tal xurdiu moito máis tarde, e de xeito independente en varias civilizacións antigas (Mesopotamia, China, Mesoamérica...)

Un texto é unha unidade comunicativa completa, oral ou escrita, que contén unha ou varias informacións e está caracterizado pola coherencia, a cohesión, o contido e a intencionalidade. A coherencia permite a correcta interpretación por parte do receptor, tanto no que se refire á súa estrutura interna coma ao seu contorno espazo-temporal. O texto é coherente se está ben estruturado, se presenta unidade temática e unha información pertinente. A cohesión é a adecuada conexión entre as partes ou os enunciados do texto. Para lograr esa adecuada conexión temos que fixarnos nos enlaces oracionais, nas relacións das accións e no uso dos signos de puntuación. Por contido entendemos o conxunto de informacións, as implicacións, presuposicións, etc. A intencionalidade vén determinada pola intención comunicativa. Todo autor presenta e estrutura a súa información conforme a unha intención. Deste xeito é como un texto se pode entender como un conxunto de enunciados coherentes, cohesionados, con significado completo e que responden a unha intención comunicativa.

2. TIPOLOXÍA TEXTUAL

Tendo en conta o visto anteriormente, podemos realizar varias clasificacións atendendo a diferentes criterios, é impornte ter en conta que este non é un esquema ríxido, non hai variedades illadas, senón que dun mesmo texto poden participar varios tipos. A primeira clasificación que podemos facer é atendendo á canle de transmisión das mensaxes, isto é, **textos orais vs. textos escritos**:

- Son o resultado dunha actividade fundamentalmente oral, de carácter interactivo e organizada conforme a unha alternancia de emisor e receptor. Os textos orais poden ser, á súa vez, planificados, pensados e organizados (conferencia, discurso, etc.) ou non planificados, espontáneos (conversa). Uns e outros presentan múltiples subvariedades baseadas nos distintos graos de espontaneidade ou de planificación. Así podemos falar de conversa formal (profesor-alumno, médico-paciente, etc.) e conversa informal, coloquial ou familiar, que é espontánea e soe darse entre iguais, sen tema predeterminado e sen alternancia regulada. Con todo, aínda neste tipo de conversas soe haber un inicio ou apertura, unha preparación ou orientación que introduce e orienta o tema do que queremos falar, un tema ou obxecto

(parte central da conversa) no que se di o que se quería comunicar, e un remate, que consiste na avaliación do dito, a aceptación do ofrecemento e a despedida. Os textos orais planificados poden gravarse e aínda transcribirse para presentalos como modelo ou exemplo nunha situación determinada: académica, expositiva, etc. Os textos orais planificados, habitualmente, escríbense para organizar a información e evitar lapsus. Estes textos están no límite entre os textos orais e escritos polo que poden presentar características de ambos.

A gran variedade de textos pode tamén organizarse a partir de factores como o contido, a situación, a estrutura ou o rexistro empregado seguindo a seguinte clasificación:

SEGUNDO A INTENCIÓN COMUNICATIVA

- | |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> • Infomativo: informe, memoria, noticia... • Explicativo: exposición didáctica, artigo, informe... • Persuasivo: anuncio publicitario, editorial, debate... • Instrutivo: receita de cociña, regras dun xogo, manual de instrucións • Conativo: diálogo, entrevista, coloquio... • Estética: conto, novela, poema... |
|---|

SEGUNDO A ESTRUCTURA FORMAL

- | |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> • Narrativo: conto, novela, noticia... • Descritivo: prosopografía, topografía... • Dialogado: peza teatral, conversa, entrevista, debate.... • Prescritivo: aviso, contrato, normas comunitarias... • Expositivo: explicación, informe, instancia, exame... • Argumentativo: artigo, editorial, carta de opinión... |
|---|

Aínda podemos introducir máis criterios de clasificación, segundo o rexistro (coloquial ou formal), segundo o lugar de interacción (pedagóxico, cultural, técnico-científico...)

Veremos un por un os diferentes tipos de texto atendendo ás súas características.